

Estimadas familias:

Como pais e nais do alumnado de terceiro curso, achégovos información sobre a proba individualizada que se realizará no curso dos vosos fillos e fillas.

### Datos da avaliación.

1. A aplicación das probas da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria realizarase os días 28 e 29 de maio de 2019.

### Que son estas probas?

Son probas de avaliación individualizadas con resultados específicos para cada suxeito. Teñen carácter externo, é dicir, non van ser elaboradas polo profesorado do centro.

### Que aspectos se van avaliar?

A LOMCE establece que en 3º de Educación Primaria se avaliará a competencia lingüística e matemática do alumnado.

### Que lexislación regula estas reválidas?

- Ley Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)
- Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que establece o currículo de EP a nivel nacional.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que establece o currículo de EP na Comunidade Autónoma de Galicia.

Máis concretamente:

- **Orde do 9 de xuño de 2016, que regula a avaliación e promoción en Galicia.**
- **Resolución do 12 de abril de 2019, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de EP.**

Toda a lexislación citada é de consulta pública. Poden ser consultadas mediante a busca en internet.

### Quen aplica e corrixe estas probas?

Aplicarán as probas mestres/as que lles dean clases aos nenos/as avaliados, pero que non lles impartan nin lingua galega ou castelá, nin matemáticas; ou sexa, profesores de música, inglés ou EF.

Estas probas serán corrixidas por mestres que dean clases de lingua ou matemáticas, pero que non lles impartan clase aos nenos e nenas avaliados. Se non é posible, a comisión decidirá outros nomeamentos.

### Cal é o fin destas probas?

Segundo a administración, e botando man da lexislación, alégase o seguinte:

- Ollando o artigo 11º da Resolución do 12 de abril de 2019, "*os centros obterán un informe de resultados de cada alumnado, facendo unha análise de resultados nos seus órganos colexiados, establecendo melloras dos resultados obtidos, que serán incorporadas na programación xeral anual.*"
- Segundo o artigo 6.2. da Orde do 9 de xuño de 2016, "*O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria **teranse en conta**, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*"

### Cuestionario das familias.

Cómpre que as familias cubran un cuestionario en liña entrando nunha dirección de internet que lles facilitará o centro e introducindo a clave individual que lles adxudique. A aquelas familias que non podan realizalo deste xeito, seralles facilitado o cuestionario de contexto en formato papel para cubrir e devolver ao centro dentro do prazo que se indique.

En Corme a 10 de maio de 2019

A comisión de coordinación da avaliación individualizada de 3º de primaria